

INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

1. O prazo de presentación de solicitude será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Monforte www.monfortedelemos.es

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Monforte ou, se é o caso, nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de novembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. Cada entidade solicitante deberá presentar unha única solicitude.
3. A documentación a presentar, segundo o artigo 5 das bases da convocatoria, é a seguinte:
 - Impreso de solicitude **anexo 1**: solicitude de datos da entidade e datos básicos da solicitude.
 - TIPO DE ACTIVIDADE DEPORTIVA PARA A QUE SOLICITA AS INSTALACIÓNS: poderase escoller unha ou varias das opcións posibles.
 - **Actividade Federada**: marcar no caso de que o club deportivo teña equipos que participen en competicións organizadas pola federación deportiva.
 - **Actividade non Federada**: marcar no caso de que o club deportivo teña equipos ou grupos que participan nalgún tipo de actividade deportiva non federada organizada polo propio club ou por terceiros (escolas, etc.)
 - **Deporte escolar**: marcar no caso de que o club deportivo teña equipos que participen en competicións organizadas polo programa de deporte escolar organizado pola Xunta de Galicia.
 - A ENTIDADE SOLICITANTE TIVO CONCEDIDAS HORAS DE USO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NA TEMPADA 2023 – 2024: indicar si ou non.
 - A ENTIDADE SOLICITANTE DISPÓN DE INSTALACIÓNS PROPIAS OU CEDIDAS PARA LEVAR A CABO SÚA ACTIVIDADE: indicar si ou non, e en caso afirmativo indicar o nome da instalación e o número de horas semanais.
 - Impreso de solicitude **anexo 2**: solicitude de datos específicos para a realización de **adestramentos e escolas deportivas**. Esta folla está composta por unha táboa onde asentar os datos solicitados de cada un dos equipos ou grupos que forman parte da entidade solicitante :
 - EQUIPO OU GRUPO DE ADESTRAMENTO: deberase poñer o nome do grupo ou equipo de adestramento (p.ex. C.F. Monforte Benxamín B)
 - MODALIDADE DEPORTIVA: indicar a modalidade deportiva que practica o grupo de adestramento (fútbol, voleibol, baloncesto, etc.)
 - CATEGORÍA DE IDADE: indicar a categoría de idade do grupo de adestramento (benxamín, alevín, infantil, et.)

- NÚMERO DE DEPORTISTAS DO GRUPO: indicar o número de deportistas que forman parte do grupo de adestramento.
 - ADESTRAMENTO OU ACTIVIDADE FEDERADA: indicar se o adestramento ou actividade é dun grupo ou equipo federado ou non.
 - REALIZOU A ACTIVIDADE NA TEMPADA 2023 - 2024: indicar si o grupo ou equipo realizou a actividade na tempada anterior ou si é de nova creación.
 - FRECUENCIA SEMANAL: indicar os días da semana que solicita para adestramentos ou actividade do grupo ou equipo.
 - HORARIO PREFERENTE: indicar o horario de uso preferente que solicita nos días semanais de adestramento ou actividade do grupo ou equipo.
- Impreso de solicitude **anexo 3**: solicitude de datos específicos para a **organización de competicións deportivas non federadas** (fútbol sala, fútbol 7, etc.) Esta folla está composta por unha táboa onde asentar os datos solicitados de cada un dos equipos ou grupos que forman parte da entidade solicitante :
- NOME DA COMPETICIÓN: deberase poñer o nome da competición que se pretende organizar.
 - MODALIDADE DEPORTIVA: indicar a modalidade deportiva da competición.
 - CATEGORÍA DE IDADE: indicar a categoría de idade a quen vai dirixida a competición (benxamín, alevín, infantil, et.)
 - NÚMERO DE EQUIPOS PARTICIPANTES: indicar o número de equipos participantes na competición.
 - NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES: indicar o número de deportistas participantes na competición.
 - FRECUENCIA SEMANAL: indicar os días da semana que solicita para organizar a competición.
 - HORARIO PREFERENTE: indicar o horario de uso preferente que solicita nos días semanais para organizar a competición
- No caso de clubs ou entidades deportivas federadas, certificado federativo no que se acredite o número de licenzas federativas do club por categoría de idade e o número de equipos do club por categoría de idade indicando o nivel da competición na que participou na tempada anterior(tempada 2023 – 2024)
- No caso de clubs e entidades deportivas federadas certificado federativo no que se indique o resultado na clasificación final de cada un dos equipos do Club na tempada anterior (tempada 2023 – 2024)
- No caso de asociacións deportivas escolares ou centros educativos, certificado emitido polo organizador do programa deportivo escolar no que se acredite o número de deportistas e equipos por categoría de idade e por modalidade deportiva, que participou no programa na tempada anterior (tempada 2023 – 2024)
- No caso de clubs ou entidades deportivas que organicen ou participen en actividades deportivas non federadas certificado da compañía de seguros co listado nominativo das persoas que participaron na actividade na tempada anterior (tempada 2023 – 2024).